

MARZO 2019

MÉRCORES

MARZO 20 **CHIKAMATSU MONOGATARI de KENJI MIZOGUCHI**
(OS AMANTES CRUCIFILLADOS)
XAPÓN 1954; 102' V.O.S.C.

SESIÓN DE CURTAS:

MARZO 27 **VAI CHOVER de SANTIAGO D. RISCO 2016; 30' ESPAÑA**
RUST de ELOY DOMÍNGUEZ SERÉN 2016, 14' ESPAÑA
AYSHA de FON CORTIZO 2017; 30' ESPAÑA

AUDITORIO MUNICIPAL DE VIGO: PRAZA DO REI
ÁS 20:30 HORAS

Colaboran:



***Cota da actividade 2 euros, agás o día 27 que é gratuita até completar aforamento**

**MARZO
20**

**CHIKAMATSU MONOGATARI de KENJI MIZOGUCHI
(OS AMANTES CRUCIFILLADOS)**

Mércores, ás 20:30h

XAPÓN 1954; 102' V.O.S.C.

Ficha técnica

|||||

Dirección: Kenji Mizoguchi

Guión: Yoshikata Yoda, Matsutarô Kawaguchi

(Obra: Chikamatsu Monzaemon)

Música: Fumio Hayasaka

Fotografía: Kazuo Miyagawa

Ficha artística

|||||

Kazuo Hasegawa

Kyoko Kagawa

Yoko Minamida

Eitaro Shindo

SINOPSE

Adaptación dunha obra de teatro (kabuki) do século XVII de Chikamatsu Monzaemon. Osan vive en Kioto, está casada con Ishun, un rico e tacaño funcionario. Cando ela é acusada falsamente de ter unha relación con Mohei, teñen que fuxir da cidade. Ishun, ordea aos seus homes que os atopen e os separen para evitar o escándalo.

SESIÓN DE CURTAS:

MARZO VAI CHOVER de SANTIAGO D. RISCO 2016; 30' ESPAÑA
27

Mércores, ás 20:30h

Director: Santiago D. Risco
Fotografía: Santiago D. Risco
Producción: Santiago D. Risco
Sonido: Jonathan Herraiz

NOTA DO DIRECTOR

Os textos que orixinaron esta curtametraxe envioumos a miña nai un día por correo electrónico. Intereseime por eles, ela explicoume de onde saían. Unha das veces que puider volver á miña cidade de orixe, Ourense, ensinoume a caixa de puros habanos que os contiña. Deixoume quedarma. Ao lalos, xurdíronme moitas preguntas sobre o meu avó e os seus textos. Como cando os puido escribir, en que traballaba entón, se coñecía xa á miña avoa ou non. Pero as preguntas que me xurdiron ao final de todo eran diferentes: por que me interesaba tanto por estes textos?, estaban pensados para lerse ou só gardarse e esquecerse?, por que a miña nai comezou a transcribilos cando os descubriu? Entón decidín volver e axudala dalgún modo para recuperar e manter a memoria deses textos e quen os rodea. Pois, creo, quizais é unha maneira de enfrontarse a unha choiva que, quéirase ou non, vai chegar.

RUST de ELOY DOMÍNGUEZ SERÉN 2016, 14' ESPAÑA

Director: Eloy Domínguez Serén
Interpretación y sonido directo: Chris Porcarelli
Producción: Michael Krotkiewski

SINOPSE

Unha paisaxe deserta, cuberta de neve. Un lugar e unha época indeterminados. Un home anónimo, atemporal deslízase cara ao interior dun devastado edificio industrial. Está atrapado entre ruínas e ferruxe, testemuñas do tempo. Avanza entre sombras e refugallos, seguindo un ritual tan preciso como críptico. Polifonía de materiais. O pasado resoa en cada paso. Ecos dunha presenza. Unha figura solitaria flutúa no abismo.

AYSHA de FON CORTIZO 2017; 30' ESPAÑA

Director: Fon Cortizo

Fotografía: Javier Álvarez

Producción: Fon Cortizo, Alexandre Cancelo.

Música: Fran Márquez

SINOPSE

Aysha é unha moza que emerxe cunha voz enérxica e con forza en Oriente Medio. A poesía e a creatividade son as súas armas para mudar unha sociedade expectante tras a primaveira árabe.

CINECLUBE LUMIÈRE

DE VIGO

Rúa Doutor Cadaval 33, 4.º A - 36202 Vigo -

<http://www.lumierevigo.com>

info@lumierevigo.com

PREZOS

Cota filme: 2 euros

O filme do día 27, ten entrada de balde até completar aforamento